



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

EXPEDIENTE 2026/E001/000007. Convocatoria selección personal para a contratación de tres peóns forestais encargados/as do manexo e actuación do vehículo motobomba (VMB) exercicio 2026.

ACTA DO TRIBUNAL DO PROCESO DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA A CONTRATACIÓN DE TRES PEÓNS FORESTAIS ENCARGADOS/AS DO MANEXO E ACTUACIÓN DO VEHÍCULO MOTOBOMBA (VMB) EXERCICIO 2026.

Constitúese o tribunal de selección, conforme a composición determinada no Decreto de Alcaldía nº 192/2026 de 1 de xuño de 2026 para proceder á realización do proceso de selección dunha persoa tractorista ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o concello de Touro para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2026, todo isto de conformidade co previsto nas bases de selección aprobadas por resolución de Alcaldía nº 164/2026 de 11 de maio de 2026 publicadas no BOP núm. 90 de 15 de maio de 2026.

Lugar: Nave de Servizos Municipais

Día: 4 de xuño de 2026

Hora de comezo: 10.30 horas

Hora de remate: 11.00 horas

Asistentes:

- Presidente: Juan Manuel Corral Sánchez, xefe obras e servizos do Concello de Boqueixón.
- Secretario: Manuel Rodríguez Quintáns, auxiliar administrativo do Concello de O Pino.
- Vogal 1º: Juan Ramón López Tojo, conductor camión lixo do Concello de Touro.

Non asisten:

- Vogal 2ª: Paula Martínez Cereijo, auxiliar administrativa do Concello de Touro.
- Vogal 3ª: Paz Gutiérrez Abella, traballadora social do Concello de Touro.

Reúnese o Tribunal de selección co obxecto de realizar a proba práctica, relacionada coas labores encamiñadas á prevención, construción e mellora da infraestrutura de defensa contra incendios forestais, que diminúan o risco de propagación e que minoren os danos dos incendios e demais tarefas que o posto requira, dirixidas a determinar a destreza dos/as aspirantes no manexo das ferramentas, do vehículo e das actividades propias da extinción de incendios forestais.

Cualificarase de 0 a 10 puntos sendo excluídos/as os/as aspirantes es que non acaden o mínimo cinco puntos (5 puntos). A cualificación deste exercicio efectuarase con 2 decimais. Corresponderá ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar a puntuación mínima.

Procedeuse ao chamamento das persoas que constan na lista de admitidos:

APELIDOS E NOME	DNI	OBSERVACIÓNS
Dieste Otero Francisco	***9568**	Non comparece
Iglesias Noya Francisco	***0371**	Non comparece
Martínez Cajide Pablo	***5854**	Non comparece
Tojo Lea Manuel	***8087**	Comparece

A continuación procedeuse á realización da proba por parte dos aspirantes que asiten ao proceso no que se valorou a proba de conformidade co seguinte:

- Preparación e seguridade, probade manexo (maniobrabilidade), simulación sofocación de incendio, finalización e mantemento e tempo empregado.



O tribunal por unanimidade outorga as seguintes puntuacións

APELIDOS E NOME	Preparación e seguridade (3 puntos)	Proba de manexo (maniobrabilidade) (1 punto)	Simulación sofocación incendio (3 punto)	Finalización mantemento (1 punto)	Tempo empregado (2 puntos)	Total puntuación (10 puntos)
Tojo Lea Manuel	2	1	1,25	0,25	1,00	5,50

Á vista do anterior, unicamente supera o proceso Barreiro Tato Alberto, o cal acreditou o coñecemento da lingua galega, polo que cumpre co requisito establecido na Base 8.2. quedando eximido da realización do exercicio de coñecemento da lingua galega.

Á vista das puntuacións obtidas, o Tribunal por unanimidade acorda:

Elevar a listaxe da persoa aprobada para os efectos da contratación, propoñendo a contratación de Tojo Lea Manuel.

Non sendo outro o obxecto da sesión levántase a sesión ás 11.00 horas do día indicado de todo o cal se dá fe, asinando os membros do Tribunal.

Presidente

Vogal

O Secretario

Juan Manuel Corral Sánchez

Juan Ramón López Tojo



Manuel Rodríguez Quintáns